

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A ENTIDADE HOGAR Y CLÍNICA SAN RAFAEL DE VIGO PARA POSIBILITAR O DESPRAZAMENTO DE ALUMNADO DISCAPACITADO AO CEEPR HC SAN RAFAEL DE VIGO RADICADO NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten previsto formalizar coa entidade Hogar y Clínica San Rafael de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue o curso escolar 2021/2022, con efectos dende o 1 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a mutua colaboración a fin de posibilitar o desprazamento do alumnado discapacitado, que figura na memoria de detalle do servizo da entidade anexa ao convenio, dende os seus domicilios ao CEEPR HC San Rafael de Vigo, sito en Vigo (ida e volta) radicado na provincia de Pontevedra.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes para a consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que dentro do colectivo escolar galego existe un conxunto de rapaces e rapazas con distintos tipos de discapacidades que, necesitando utilizar o transporte escolar para asistir a clase, precisan dunha atención específica e personalizada de acordo coas súas necesidades particulares.

Que o Hogar y Clínica San Rafael de Vigo é unha entidade inscrita no Rexistro de Entidades Religiosas do Ministerio de Xustiza que ten entre as súas misións a de realizar unha atención integral ás persoas con discapacidade intelectual, fomentando o seu desenvolvemento persoal, social e laboral mediante as modalidades de intervención oportunas, ofrecéndolles servizos específicos na áreas educativas, ocupacionais e de residencia.



A entidade Hogar y Clínica San Rafael de Vigo atópase coa necesidade de dar traslado a unha parte do alumnado discapacitado, que non pode trasladarse doutra maneira, desde os seus domicilios ao CEEPR San Rafael (ida e volta). Os alumnos aos que se lles prestará o servizo mediante o convenio teñen os seus domicilios ubicados en lugares que posibilitan que se poida conformar unha ruta na que un só vehículo pode trasladar a varios alumnos.

Os referidos traslados cobren os requirimentos esixidos para este específico colectivo de escolares, xa que a asociación poderá utilizar vehículos propios adaptados e ofrecer coidadores especializados e, así mesmo, adáptase ás necesidades horarias dos alumnos.

Tamén poderá prestar o servizo a través de empresas especializadas no transporte de viaxeiros, que garantan os mesmos requirimentos de material móbil e coidadores especializados.

Que ámbalas dúas partes están interesadas na mutua colaboración a fin de facilitar a este alumnado os recursos necesarios que lle permitan ser escolarizado, aínda que sufra calquera tipo de incapacidade, xa sexa permanente ou temporal, que impida o emprego do servizo de transporte escolar ordinario.

Que a problemática habitual de grandes discapacidades require contar con asociacións especializadas e cun amplo bagaxe de experiencia, que faciliten non só vehículos especialmente adaptados ás doenzas, senón tamén, a atención persoal e individualizada derivada do coñecemento práctico das limitacións físicas e psíquicas do alumnado, e do control dos protocolos de actuación a aplicar nos casos de urxencia suscitados durante o transporte dos escolares.

Que para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrència pública ao estar motivado por razóns de interese social, xa que o servizo de transporte escolar ten un carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade e solidariedade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non se poden satisfacer axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela